

Bases de contratación de dous tractoristas para desbroce vías prevención incendios forestais, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en data 24-febreiro-2022:

6.b).- Bases de contratación de dous tractoristas para desbroce vías prevención incendios forestais:

Sendo necesaria a contratación de dous tractoristas que leven a cabo os traballos relativos a accións de tratamentos preventivos de xeito mecanizado dentro do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Touro para a prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases para a contratación de dous condutores de tractores forestais, para a realización dos traballos de prevención de incendios forestais, mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficie forestais de titularidade municipal, e que será financiado parcialmente pola Consellería de Medio Rural. coas seguintes características contractuais:

- Tipo de contrato: obra ou servizo de duración determinada.
- Xornada semanal: 35 horas.
- Duración: 6 meses.
- Salario bruto mensual: 1.350 euros.

Segundo.- O procedemento de contratación será o seguinte:

a) Convocatoria mediante anuncio a publicar nun dos periódicos de maior tirada da comarca e na páxina Web do Concello.

b) Para participar na convocatoria os candidatos deberán estar en posesión do permiso de conducir que habilite para a conducción do tractor forestal ou agrícola e cumprir os requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

c) A selección farase mediante valoración de méritos, proba tipo test e proba práctica, que se celebrará na Casa do Concello no día e hora que será comunicado personalmente a cada un dos aspirantes e na que se valorarán os méritos alegados conforme aos seguintes criterios:

1. Por experiencia demostrada en prevención e extinción de incendios forestais na conducción de vehículos motobomba ou tractor forestal, xa sexa por contratos coa administración pública ou con empresas privadas: a razón de 0,25 puntos por mes traballado no ámbito do sector público e 0,15 puntos / mes no ámbito do sector privado, ata un máximo de 5 puntos.
- 2.- Cursos e diplomas que teñan relación cos traballos en materia de incendios forestais: ata un máximo de 2 puntos.
  - Cursos ou diplomas de ata 10 horas: 0,10 puntos.
  - Cursos ou diplomas de 11 horas a 30 horas: 0,20 puntos
  - Curso ou diplomas de 30 a 50 horas: 0,30 puntos.
  - Cursos de mais de 50 horas: 0,50 puntos.
- 3.- Proba tipo test: ata un máximo de 3 puntos.

A Comisión valorará o coñecemento que o candidato teña do Concello, sobre a xeografía municipal, localización de núcleos, lugares, rede viaria, situación masas forestais e outras que poñan de manifesto o coñecemento do municipio.

d) Solicitudes e data de celebración da proba.

As solicitudes presentaranse o rexistro xeral do Concello no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte o anuncio correspondente. A data de celebración da proba comunicárase telefonicamente a cada candidato.

Coas solicitudes presentaranse a acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.

Aqueles candidatos que superen a fase inicial con mais de 5 puntos terán que realizar unha proba práctica, na que se valorará a capacidade dos candidatos no manexo do tractor e dos seus accesorios.

A proba puntuarase con un máximo de cinco puntos.

Quedarán seleccionados os dous aspirantes que obteñan maior puntuación, quedando os demais en reserva pos posibles baixas durante a duración do contrato.

O Concello e o Tribunal adoptaran todas as medidas que sexan necesarias para preservar a saúde do tribunal e dos aspirantes en correspondencia coa situación de estado de alarma pola crisis do COVID -19.

Terceiro.- A Comisión de selección estará formada polos membros seguintes:

Titulares:

- Presidente: D. Jesús José Reboredo González, Administrativo
- Vogais.....: D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Pájaro Fernández, Axente de emprego  
D<sup>a</sup> María Paz Gutiérrez Abella, trabaladora social  
D. Manuel Rodríguez Calvo, condutor do tractor municipal
- Secretario: D. José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo

Suplentes: Serán nomeados polo Alcalde-Presidente no suposto de que existan baixas dos titulares.

Cuarto.- As presentes bases teñen carácter administrativo e o procedemento de selección sométese aos principios do dereito administrativo.

Quinto.- A Contratación corresponderá o señor Alcalde conforme o establecido na normativa vixente.